

An abstract graphic design featuring a blue gradient background. On the left and right sides, there are stylized circuit board patterns composed of thin white lines and small white circles, resembling electronic components and traces. In the center, the text "O INICIO DA IDADE MEDIA" is displayed in a large, bold, black, sans-serif font, arranged in two lines.

O INICIO DA IDADE MEDIA

DIVISIÓN DO IMPERIO ROMANO

- A partir do século III, o **IMPERIO ROMANO** atravesou unha profunda crise, polo que pobos xermanos se aproveitaron e cruzaron o **LIMES**.
- TEODOSIO no ano 395 dividiu o Imperio en dúas partes: **IMPERIO ROMANO DE OCCIDENTE**, con capital en ROMA e **IMPERIO ROMANO DE ORIENTE**, con capital en CONSTANTINOPLA.
- Os hunos dirixidos por **ATILA**, no século V, derrotan aos xermanos. Os emperadores romanos pactan cos xermanos e ofrécenlles terras dentro do Imperio. Os hunos foron derrotados nos **CAMPOS CATALÁUNICOS** no ano 451.
- Os pobos xermanos foron creando os seus propios reinos dentro do Imperio Romano de Occidente.
- O IMPERIO ROMANO DE OCCIDENTE sucumbiu ás invasións xermanas. **ODOACRO**, rei dos HÉRULOS depuxo ao último emperador romano de OCCIDENTE, RÓMULO AUGÚSTULO, no ano 476. supuxo o fin do Imperio romano de Occidente.

1. *Enumera as principais características dos pobos que habitaban máis alá das fronteiras romanas.*
2. *Explica por que Atila foi coñecido como o azoute de Deus.*
3. *Que cres que significa a frase “por onde pisaba o cabalo de Atila non volvía medrar a herba”.*

INVASIÓNS XERMANAS



4. Que pobos xermanos se moveron polo territorio do Imperio e chegaron á Península Ibérica?

5. Onde se asentaron?

OS REINOS XERMANOS

- Os territorios que ocupara o Imperio romano de Occidente fragmentouse en diversos reinos durante o século V a VII. Visigodos, ostrogodos, vándalos, burgundios, suevos, alamanos, francos...
- Cada reino era gobernado por un REI. Ao principio, o cargo era electivo. Co tempo, a monarquía fíxose hereditaria. Un CONSELLO asesoraba ao monarca nos asuntos de goberno.
- Para a administración territorial, destacaban os DUQUES, con poder militar, e os CONDES E BISPOS nas cidades.
- Os xermanos tiñan leis non escritas transmitidas de forma oral.

6. Observa o mapa e indica que reinos se formaron na península ibérica, na actual Francia e na península itálica.

7. Localiza os anglos e os saxóns. En que zona se estableceron?



O REINO VISIGODO



**Percorrido dos visigodos
polas penínsulas europeas
(s. IV e V)**




**Reino
visigodo ata
o ano 507**




**O reino
visigodo no
século VI**

- Monarquía de carácter electivo (explicando as numerosas loitas polo poder).
- O rei contaba coa axuda da **AULA REXIA** (consello), os **DUQUES** (gobernaban territorios) e **CONDES** (gobernaban cidades). Os **CONCILIOS** tomaban decisións políticas e relixiosas.
- **AGRICULTURA** era a súa principal actividade.
- **Relixión ARIANA** ata que **RECAREDO** abraza o catolicismo no 589.



SAN PEDRO DE LA NAVE (ZAMORA)

ARTE: pequenas igrexas de pedra, de pouca altura usando o **arco de ferradura** e bóvedas para cubrir as naves da igrexa. A decoración escasa concentrábase nos capiteis.



COROA DE RECESVINTO, coroa

votiva

8. Pescuda que é o Foro Xulgo e explica por que foi un texto importante.

9. Busca información sobre as Etimoloxías, de santo Isidoro. Que recollía esta obra?

O IMPERIO CAROLINXIO

Os reis francos foron delegando as funcións de goberno aos **MORDOMOS DE PALACIO**. Un deles, **CARLOS MARTEL** venceu aos musulmáns na **batalla de POITIERS** no ano **732**. O seu fillo, **PIPINO o BREVE** fíxose coroar rei.

CARLOMAGNO sucedeuno no ano 768.

Someteu aos saxóns, lombardos e chegou ata a península ibérica. Erixiuse en defensor da cristiandade.

CARLOMAGNO coroado emperador no ano 800 en Roma polo **Papa León III**



PACTO IGREXA-MONARQUÍA

(o Papa dignifica a figura do Emperador
este ofrécelle protección á cristiandade)

O Imperio Carolinxio estendíase por



Francia
Bélxica
Países Baixos
Suíza
N. de Italia
Austria
Alemaña



Dividíanse en condados (**Conde**)

Nas fronteiras do Imperio → Marcas: (Marqués)
Pireneos (Marca hispánica)
Polonia
Bohemia
Panonia
Dalmacia
Bretaña

Capital en **Aquisgrán**
onde funda a Escola Palatina

MISSI DOMINICI: funcionarios nomeados polo emperador Carlomagno para controlar os condes, marqueses e bispos



Economía de **BASE AGRARIA**.

Renacemento cultural na época de CARLOMAGNO.

Á súa morte, o seu fillo **LUÍS O PIADOSO** sucédeo.

Os seus fillos herdan un imperio xa en descomposición.

Para evitar conflitos o **TRATADO DE VERDÚN** do ano 843 reparte o imperio entre **CARLOS O CALVO** (Francia), **LUÍS O XERMÁNICO** (Alemaña) e **LOTARIO** (a parte central do imperio).

10. Analiza o imperio carolinxio a través de documentos (páx. 19).




A arquitectura carolinxia caracterízase polos muros de pedra e ladrillo, a columna, o piar e os arcos de medio punto. Destacan *igrexas, mosteiros e palacios*.

O palacio máis importante foi o de **Aquisgrán**, pero hoxe só se conserva a **Capela Palatina**. O edificio está formado por un corpo central octogonal, rematado por unha gran bóveda. Outro exemplo é o da Capela de **Germigny-des-Prés**, orixinalmente de planta de cruz grega, pero tras un incendio no ano 854 engadíronse dependencias que ocultan o plano orixinal.

Outro exemplo é o de hoxe desaparecido mosteiro de **Saint Gall**, en Suíza.


Por último, destacamos as obras realizadas en marfil e as miniaturas (pinturas sobre papel feitas con pintura miniada)→***Evanxeliario da Coroación*** e o ***Salterio de Utrech***.



Capela de Germigny-des-Prés
Arte carolinxio



Bóveda da ábida



Salterio da coroación
Imaxe de Mateo

IMPERIO BIZANTINO

Imperio bizantino desde o ano 476 ata 1453

Período de máxima expansión con Xustiniano (527-565)

O seu xeneral Belisario

Conquista o N de África aos vándalos
Arrebátalle Italia aos ostrogodos
No 554 toma o sur de Hispania aos visigodos

Xustiniano consegue converter o imperio no Estado máis poderoso do Mediterráneo.

O seu obxectivo era reconstruír a perdida unidade do antigo Imperio Romano e restaurara a súa

organización

Cultura

11. Describe como se produciu o declive do Imperio bizantino. Como desapareceu? Por que?



ORGANIZACIÓN DO IMPERIO

ESTADO TEOCRÁTICO

O poder temporal e o espiritual están vencellados

A autoridade política emana de Deus

Cando o poder temporal e o espiritual están en mans da mesma persoa ➡ CESAROPAPISMO



O EMPERADOR → BASILEUS coroado polo PATRIARCA DE CONSTANTINOPLA

Outorgándolle un carácter sagrado á súa persoa



Apóia-se nun forte exército e nunha importante burocracia

A base legal para administrar o Estado estaba fundamentada no Dereito Romano

SOCIEDADE PIRAMIDAL



propietarios de latifundios e altos cargos na administración e no exército

12. Explica quen era un basileus.

13. Analiza por que o reinado de Xustiniano e Teodora foi un período de grande esplendor para o Imperio bizantino.

ECONOMÍA



1. De base agrícola

LATIFUNDIOS traballados por servos



tamén pequenas propiedades traballadas por campesiños libres

2. Comercio



Cidade de Constantinopla encrucillada entre Oriente e Occidente
entre Asia e Europa
Comercio da seda, especias e obxectos de luxo

A IGREXA

Vencellada ao poder político, influíu na sociedade bizantina→ así as loitas iconoclastas (prohibición de algúns emperadores de renderlle culto ás imaxes sagradas ou iconas) provocaron graves conflitos sociais entre os séculos VIII e IX.

Outro feito significativo foi o Cisma de Oriente (1054) cando a rivalidade entre o Papa de Roma e o Patriarca de Constantinopla provoca a ruptura da Igrexa→nacendo dese xeito a Igrexa Ortodoxa que se estendeu por Grecia e a zona eslava dos Balcáns e Rusia.

CULTURA BIZANTINA

Promovida polo Estado e pola Igrexa

Pouco a pouco vaise helenizando
(adoptando a lingua e costumes gregas e esquecendo o latín e a cultura romana)

SÍNTESE DA CULTURA CLÁSICA CRISTIÁ E ORIENTAL

Bizantinos recollen a testemuña do mundo clásico
Traducen obras clásicas gregas e romanas
Cristianiza aos pobos eslavos
Transmiten o seu saber a Occidente

CÓDIGO DE XUSTINIANO

Recolle as dispersas leis romanas e xúntaas nunha única obra
Así empregaranse durante toda a Idade Media en Occidente

ARTE BIZANTINA

ARQUITECTURA



arco sostido por columnas
Edifícios de planta cadrada cubertos por unha cúpula
Materiais pobres pero recubertos con mármore no exterior e
Mosaicos no interior
Edificio máis significativo é Santa Sofía de Constantinopla
Construída nos tempos de Xustiniano por Antemio de Tralles e
Isidoro de Mileto.
Outros edificios en Ravena (Italia)→San Vital
Santo Apolinar Novo
Santo Apolinar in Classe



ESCULTURA, PINTURA E MOSAICOS



Mosaicos de Xustiniano e Teodora en San Vital (páx.36-37)
Esculturas e pinturas relixiosas tratando de seguir os textos
bíblicos
Rixidez e hieratismo das figuras, solemnidade e espiritualidade.



14. Observa o interior de Santa Sofía. Explica o que é unha bóveda e localízaa na imaxe.
15. Fíxate nos mosaicos de San Vital de Rávena. Dirías que son exemplo de arte suntuosa? Razo a resposta.

O ISLAM E A SÚA EXPANSIÓN

No século VII a península arábica estaba poboada por pastores nómades à beduínos organizados en *clans* e *tribos*.à relixión politeísta.

Na rexión de Hedjaz (zona costeira da península arábica dende o Sinaí ata a Meca) habitaban comerciantes sedentarios, asentados en cidades.

A Meca era a cidade máis importante onde estaban tódolos ídolos e a Pedra Negra albergada no santuario da Kaaba.

MAHOMA nace na Meca no 570. viaxa nas caravanas ata que casa cunha rica viúva (Jadicha). Convertido en rico mercador dedícase á vida contemplativa comezando a ter sonos e revelacións do arcanxo Gabriel à amósalle unha nova relixión que será monoteísta e revelada (como o xudaísmo e o cristianismo)à ISLAM (submisión á vontade de Alá). Mahoma convértese nun Profeta e os seus seguidores en musulmáns (aqueles que se someten á vontade de Alá).

As revelacións de Mahoma à suras ou azoras son recollidas no **CORAN** ou libro sagrado dos musulmáns. Os cinco preceptos principais dos musulmáns son:

1. Profesión de fe.
2. Orar cinco veces ao día en dirección á Meca.
3. Esmola aos pobres e necesitados.
4. Xaxún desde a alba ata o solpor no mes de Ramadán.
5. Peregrinación polo menos unha vez na vida á cidade santa da Meca.

No ano **622** prodúcese a HÉXIRA (emigración ou fuxida) á cidade de Yatrib que pasou a chamarse “a cidade do Profeta” à Medina. Este ano marca o comezo do calendario musulmán ou ano primeiro da era musulmá.

Ata o ano 632, ano da súa morte, Mahoma expande o Islam e implántao na Meca, conquistando case toda a península arábica.

As causas da rápida expansión:


- desexo de controlar as rutas caravaneiras por parte dos musulmáns.
- forza da fe e o impulso da yihad ou guerra santa.

ETAPAS

PRIMEIROS CALIFAS CALIFATO ORTODOXO (632-660)	Abu Bark Omar Otmán Alí	} Conquistas de Siria, Palestina, Exipto, Mesopotamia e parte de Persia
CALIFATO OMEIA (661-750)	A capital trasládase a Damasco porque os Omeias son unha dinastía siria (Muawiya é o primeiro califa). Conquistas desde a Península Ibérica ata o Índico	
CALIFATO ABASÍ (751-1258)	Capital en Bagdad. Freo da expansión ata a súa desaparición pola invasión turca.	



16. Calcula cal é o ano musulmán que se corresponde co ano 2025.



• PARA PASAR DO ANO MUSULMÁN AO GREGORIANO:

$$G = \frac{32}{33}H + 622$$

• PARA PASAR DO ANO GREGORIANO AO MUSULMÁN:

$$H = \frac{33}{32}(G - 622)$$

ONDE:

G = ANO GREGORIANO

H = ANO MUSULMÁN (HÉXIRA)

A SOCIEDADE MUSULMÁ

Sociedade islámica era heteroxénea: convivían persoas de **distintas relixións** (musulmás, xudías e cristiás), e **etnias** (bérberes, árabes, eslavas). **Diferenza sociais** por motivos económicos:

-**ARISTOCRACIA**: de orixe árabe, pouco numeroso, pero con gran poder político e económico.

-**NOTABLES**: tiñan nivel económico, pero non interviñan en política. Comerciantes, artesáns, e pequenos propietarios.

-**MAIORÍA DA POBOACIÓN**: campesiños sen terras, pequenos artesáns, criados e criadas.

-**MULLERES**: sometidas á autoridade do pai ou do marido. Segundo o Corán, cada home podería ter ata catro esposas, ás que estaba obrigado a protexelas por igual.

ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO ISLAM

O **CALIFA** é a máxima autoridade política e relixiosa. Ao lado do califa estaba o **VISIR** ou ministro.

Para a administración territorial, os territorios conquistados dividíanse en koras ou provincias, normalmente en mans dun **EMIR** que era unha especie de gobernador (**VALÍ**) con funcións militares.

Nos lugares máis afastados do territorio islámico os emiratos convertéronse en provincias independentes (como o emirato de Córdoba= al-Andalus. Só recoñecían a autoridade espiritual ou relixiosa do califa.

As funcións xurídicas desempeñábaas o **CADÍ** ou xuíz.

17. Define: califa, valí, cadi, visir.

18. Representa a estrutura da sociedade islámica a partir dun esquema ou dun debuxo.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Agricultura.- Unha das innovacións era o cultivo nas abas das montañas en socalcos.

Incorporaron novos cultivos:

Cana de azucre (procedente da India)

Trigo duro (desde Etiopía convértese en alimento importante na dieta: *cus cus* e *pasta*)

Arroz (introdúcese polo Próximo Oriente ata o sur de Europa)

Cítricos (que se desenvolven no Oriente Próximo e outras zonas do Mediterráneo, destacando a *laranxa*, o *limón* e a *lima*).

Verduras (sobre todo a espinaca e a berenxena).

Melloran os sistemas de rega.

Cambios nas paisaxes rurais dos países conquistados.

Mellora dos procedementos de conservación.

Popularización dos ingredientes culinarios: aceite, cebola, sal, limóns. herbas aromáticas, especias (azafrán, canela, cravo, mostaza, comino, coandro).


Comercio.- Desde a *India* e *China*, traían especias, seda e outros tecidos.

De *África* traían marfil, ouro, sal e sobre todo escravos.

Do *Norte de Europa* traían minerais (estaño, cobre, ferro), peles.

Todas estas rutas realizábanse polo Índico, Mar Vermello, Golfo Pérsico, Mediterráneo (por mar), e polas rutas tradicionais terrestres (polo Hindu Kush asiático-Kabul-Samarkanda); polas costas africanas desde Fez-Tunes-Trípoli-Alexandría, etc.

19. Elabora unha síntese no teu caderno das principais actividades económicas no mundo islámico medieval.



CULTURA E ARTE MUSULMÁS

O mundo musulmán creou unha civilización orixinal, ecléctica que asimilou moitos valores dos pobos conquistados. Así fundiu elementos clásicos e orientais coa súa propia lingua e relixión.

Serviu de ponte entre Oriente (China, India) e Occidente (Europa), transmitindo inventos orientais (pólvora, compás), difundindo os reloxos de auga e de sol, astrolabio (disco de metal dividido en cuadrantes que permite aos navegantes calcular a posición dos astros), aritmética e os números arábigos.

Os musulmáns propiciaron o avance das ciencias: óptica, astronomía, medicina. Entre os sabios máis coñecidos está Avicena, médico e filósofo; Al.-Juwarizmi, matemático; Al.-Fazini, astrónomo e construtor do primeiro astrolabio.

Tamén cultivaron a literatura, sobre todo os contos como *As mil e unha noites*, a filosofía, a historia e a xeografía.

A relixión musulmá é iconoclasta, isto é, prohibe a representación de seres humanos e animais.

Por iso, a arte islámica céntrase case exclusivamente na arquitectura e nas artes aplicadas, é dicir, as labores de metal, cerámica, marfís, tecidos.

ARQUITECTURA

Empréganse materiais pobres como o ladrillo, xeso e a madeira. Os soportes empregados son a columna e o piar, sobre os que descansan os arcos de ferradura, de medio punto, mixtilíneos ou lobulados. Os teitos máis habituais son a cuberta plana (nas mesquitas) e a cúpula (nos mihrab sobre todo).

A decoración, en cambio, é suntuosa e variada:

- Realízase mediante versículos do Corán ou **decoración caligráfica**: distínguese entre caligrafía *cúfica* cando as letras son maiúsculas e *nasji* cando se trata de letras cursivas.

- Liñas xeométricas entrecruzadas que forman estrelas ou polígonos (**lazaría**).

- Complicados debuxos vexetais (rosetas, palmetas, follas de acanto, follas de viña, rosetas) ou **arabescos**. Cando a decoración vexetal se estiliza e se fai irrecoñecible chámase **ataurique**.

Os edificios islámicos máis importantes foron os recintos fortificados ou **alcazabas**, enterramentos ou mausoleos, palacios pero sobre todo destacan os edificios relixiosos ou **mesquitas**.

A mesquita é o lugar de oración por excelencia do mundo musulmán. As primeiras mesquitas constrúense seguindo o patrón da casa do Profeta en Medina: é dicir, un espazo rectangular dividido en dúas partes: unha parte cuberta (lugar de oración) e un patio descuberto de acceso.

O acceso realízase por un patio (**sahn**) con pórticos onde hai unha fonte de ablucións onde os fieis se lavaban antes da oración, purificándose. Nunha beira do patio sitúase unha torre chamada alminar ou minarete desde onde o muecín chamaba aos fieis á oración.

A sala cuberta (**haram**) dividíase en moitas naves separadas por columnas ou piores e rematada por un muro (**quibla**) orientado en dirección á Meca. Neste muro ábrese un nicho ou fornela ricamente decorado chamado **mihrab**.

A este tipo de mesquitas pertencen as de Damasco, Córdoba, Samarra e Kairuán.

Outras de influencia bizantina son de planta central como a Mesquita da Rocha ou Cúpula da Rocha en Xerusalén construída no século VIII.

